

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

RESOLUCIÓN do 16 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regula a incorporación e impartición do programa de dobre titulación de bacharel e baccalauréat (Bachibac) en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2024/25.

Co obxecto de regular a incorporación e impartición do programa de dobre titulación de bacharel e *baccalauréat (Bachibac)* en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2024/25, resolvo anunciar:

Primeiro. Que a regulación e convocatoria da incorporación e impartición do programa de dobre titulación de bacharel e *baccalauréat (Bachibac)* nos centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2024/25 estará dispoñible na páxina web da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, www.edu.xunta.gal/portal

Segundo. Que o prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día de prazo é inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Terceiro. Que os centros docentes que desexen impartir o programa Bachibac deberán formular a súa solicitude ante a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, conforme o modelo que figura como anexo I da convocatoria, e dirixila á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2024

Judith Fernández Novoa
Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

